



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

D. Daniel Angel Lamas Bello, Secretario do Concello de A Illa de Arousa (Pontevedra)

CERTIFICO

Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada en data 21 de abril de 2017, adoptou entre outros o acordo que transcrito literalmente di:

“4.- INFORMES DE SERVICIOS.

4.1.- Preséntase expediente relativo ó procedemento de licitación do servizo de “Consultoría e asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución e do estudo de seguridade e saúde das obras de rehabilitación da Casa de Goday e recuperación do seu entorno”, por importe de 60.500,00 euros e se informa que o expediente iniciouse por Resolución de Alcaldía de data 12 de abril de 2017 e que se pretende a súa adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, por non exceder a súa cuantía do límite sinalado no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, debendo solicitarse alomenos oferta de tres empresas capacitadas para a execución do obxecto do contrato. Engade que se acompaña providencia de inicio, informes de Secretaría e Intervención en relación co procedemento a seguir e existencia de consignación orzamentaria no vixente orzamento municipal, así como informe proposta de resolución.

Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno:

- 1.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato do servizo de “Consultoría e asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución e do estudo de seguridade e saúde das obras de rehabilitación da Casa de Goday e recuperación do seu entorno”.
- 2.- Autorizar, en contía de 60.500,00 euros, o gasto que para este Concello representa a contratación do servizo de “Consultoría e asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución e do estudo de seguridade e saúde das obras de rehabilitación da Casa de Goday e recuperación do seu entorno” por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á partida 334.61900 do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2017.
- 3.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato do servizo de “Consultoría e asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución e do estudo de seguridade e saúde das obras de rehabilitación da Casa de Goday e recuperación do seu entorno” por procedemento negociado sen publicidade.
- 4.- Solicitar ofertas ás seguintes persoas/entidades, que se consideran suficientemente capacitadas para a execución do obxecto do contrato:
 - Carlos Quintáns Eiras, Arquitectos.
 - Juan Creus Andrade, Arquitecto.
 - Manuel Gallego Jorrete, Arquitectos.””

Para que así conste, ós efectos oportunos, expido o presente por orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente e ca salvedade do artigo 206 do ROF, na Illa de Arousa, a 21 de abril de 2017.

Vº e Prace
ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo. Carlos Iglesias Cores

O SECRETARIO

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello